



Cofinanciado por
la Unión Europea



Arteixo

Convocatoria de axudas ao estudo para familias con descendentes escolarizados nos niveis obrigatorio ou non obrigatorio en centros sostidos con fondos públicos convocadas pola Concellaría de Igualdade, Servizos Sociais, Sanidade e Educación – Curso 2024/2025 – Liña 2 – Libros e material didáctico

Bases reguladoras.- A convocatoria realízase ao abeiro das bases reguladoras para a concesión de axudas ao estudo para familias con descendentes escolarizados nos niveis obrigatorio ou non obrigatorio en centros sostidos con fondos públicos convocadas pola Concellaría de Igualdade, Servizos Sociais, Sanidade e Educación aprobadas polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 25 de xuño de 2020 e publicadas no BOP nº 99 de 2 de xullo de 2020.

Finalidade.- Técnica de fomento de determinados comportamentos considerados de interese xeral, e ademais, un procedemento de colaboración entre a administración pública e os particulares para a xestión de actividades de interese público.

Articular medidas de apoio e resposta para as familias que viven no municipio mediante o establecemento de liñas de axuda que permitan que as unidades familiares con reducidos apoios económicos poidan acceder a recursos que palíen, na medida do posible, as situacións de crise que se producen.

Persoas destinatarias.- Familias empadroadas no Concello de Arteixo con anterioridade á apertura de prazo da convocatoria anual, con menores de idade ao seu cargo escolarizados en centros sostidos con fondos públicos no nivel de ensino infantil (4º, 5º e 6º EI).

Obxecto.- Constitúe o obxecto destas bases a fixación dun procedemento para a concesión de axudas económicas para a adquisición de libros e material didáctico para o alumnado do segundo ciclo de Educación Infantil dos centros educativos sostidos con fondos públicos e que estean empadroados e residan durante o curso escolar no Concello de Arteixo.

Contía.- O importe total destinado a esta liña de axudas é de 15.000 €, gasto imputable á partida 320.48903

Requisitos para solicitar a axuda.- Ademais dos estipulados como xerais,

- Estar matriculados durante o curso 2024-2025 en centros sostidos con fondos públicos no 2º ciclo de Educación Infantil. Este requisito quedará acreditado mediante a presentación do certificado de matrícula, só nos casos nos que o centro educativo estea fóra do termo municipal de Arteixo. No caso de centros educativos pertencentes ao termo municipal, por parte do

departamento xestor, procederase á consulta da matrícula do alumnado nos respectivos centros educativos.

- Convivir co/a alumno/a para o/a que se solicita a axuda.
Este requisito comprobarase de oficio por parte do departamento xestor a través da consulta do Padrón Municipal de Habitantes.
- Non superar a Renda per Cápita anual correspondente ao 130% do IPREM vixente no momento da convocatoria.
Este requisito comprobarase de oficio por parte do departamento xestor a través da consulta dos datos fiscais proporcionados pola Axencia tributaria.
Os requisitos deben reunirse na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes e manteranse ata a finalización da actividade subvencionada.

Órganos competentes para a instrución e resolución do procedemento.-

- Xunta de Goberno Local: aprobación da convocatoria anual, da concesión e da xustificación
- Comisión de estudo: comprobación do cumprimento dos requisitos, obtención de datos necesarios e revisión da documentación.
- Comisión de valoración: valoración dos expedientes de solicitudes e elevación de propostas á Xunta de Goberno Local para a aprobación de propostas de concesión e denegación.

Réxime de concesión.- Concorrenza competitiva.

Criterios de valoración.- As bases reguladoras conteñen os criterios de valoración, os criterios de adxudicación e o procedemento de concesión aplicables a esta liña de axudas, que son os seguintes:

- Criterios de valoración:
 - A valoración das solicitudes realizarase en función dos ingresos da unidade familiar.
 - No caso de esgotarse o límite presupuestario fixado terán prioridade na concesión as persoas solicitantes con menor capacidade económica por membro da unidade familiar (renda per cápita).
 - Para a valoración teranse en conta os ingresos anuais de todos os integrantes da unidade familiar de convivencia.
- Criterios de adxudicación:
As contías virán determinadas polo gasto que acrediten as familias, sempre cos seguintes límites:

- Unidades familiares con renda per cápita inferior ao 100% do IPREM vixente no momento da convocatoria anual das axudas (computadas para 12 pagas): ata 150 €
- Unidades familiares con renda per cápita entre o 100% e o 130% do IPREM vixente no momento da convocatoria anual das axudas (computada para 12 pagas): ata 90 €.
- Procedemento para o abono das axudas:
 - As persoas beneficiarias terán a obriga de presentar os xustificantes dos gastos realizados para recibir a axuda no momento da solicitude.
 - A concesión das axudas comunicárase mediante listaxes de persoas beneficiarias coas contías que se abonarán a cada persoa beneficiaria.
 - A contía correspondente á axuda abonarase nun único pago que se ingresará na conta facilitada pola unidade familiar beneficiaria.

Prazo de presentación.-

- Liña 2 (axudas para a adquisición de libros e material didáctico): 15 días a partir da publicación da convocatoria no BOP.

Prazo de resolución e notificación.- O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá sobrepasar os 6 meses.

Documentación e información que debe adxuntarse á solicitude.- A documentación e información que deberá achegarse acompañando ao modelo normalizado de solicitude é a seguinte:

- Declaración responsable, segundo modelo normalizado de solicitude, que deberá conter todos os datos identificativos familiares requiridos.
- Dita declaración conterá, ademais dos datos obrigatorios, os seguintes:
 - Autorizacións para obtención de datos doutras administracións debidamente asinadas que se establecen (segundo modelo). En todo caso, é responsabilidade das familias que os datos que se consultan estean debidamente facilitados e as obrigas de calquera tipo cumpridas segundo o legalmente establecido. Esta autorización deberá asinarse para a obtención de datos de calquera das administracións coas que se teña regulado a cesión de datos.
 - Declaración responsable de cumprimento de obrigas e de residencia efectiva no termo municipal de Arteixo.
 - Declaración das axudas obtidas para finalidades relacionadas co ámbito educativo doutros organismos ou institucións públicas ou privadas.
 - Declaración de cumprimento de requisitos para ser beneficiario de subvencións e de non estar incurso en ningunha das causas de incompatibilidade ou prohibición para ser beneficiario recollidas no

artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (segundo modelo).

- Para a xustificación dos gastos, no momento de presentación da axuda, deberán achegar facturas orixinais nas que deberán figurar obrigatoriamente os seguintes datos:
 - CIF, NIF ou NIE do establecemento.
 - Nome do titular do establecemento.
 - Datos do titular do establecemento.
 - Data e número da factura
 - Concepto do adquirido
- DCB (Designación de conta bancaria, segundo modelo normalizado).
- Fotocopia do DNI da persoa solicitante.

Reformulación da solicitude.- Non procede

Prazo de xustificación da subvención.- Para facer efectivo o cobro da axuda deberá cumprirse a condición de xustificación dos gastos no momento de presentación da solicitude de axuda.

Recursos.- A resolución da convocatoria porá fin á vía administrativa e poderá ser recurrida potestativamente en reposición no prazo dun mes ante o órgano que o ditou, ou ser impugnada mediante a interposición de recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da data de publicación/notificación.

Medio de notificación ou publicación.-

A publicación substitúe á notificación por tratarse dun procedemento de concurrencia competitiva.

A convocatoria publicarase no BOP e o resto de actos na sede electrónica municipal.